



## Indicacións sobre a aplicación de xestión para bibliotecas escolares

Setembro, 2015

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilita, a través de AMTEGA, aos centros que llo solicitan o **programa MEIGA**, que é co que están informatizadas a maioría das bibliotecas públicas municipais galegas.

Os responsables do proxecto Meiga teñen transvasado os datos de bases preexistentes cando o número de rexistro é elevado (comentar esta cuestión, se fose o caso, ao facer a solicitude).

As últimas versións levan engadidas algunhas cuestións específicas para bibliotecas escolares, na medida en que está sendo utilizado xa por moitos centros educativos.

Para contactar con eles e poder realizar a correspondente solicitude do programa, remítese a seguinte información:

### **Proxecto Meiga**

Secretaría Xeral de Cultura  
Subdirección Xeral de Bibliotecas

A solicitude debe facerse desde o enderezo de correo electrónico oficial do centro educativo, indicando unha persoa de referencia directamente ao CAU Periférico dependente de AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia).

### **Contacto:**

O enderezo de correo electrónico para calquera de solicitude, tanto de información, resolución de problemas como para a instalación do programa será o seguinte:

**cau-periferico@xunta.es**

O teléfono de contacto é o seguinte:

**881 995 300**

URL da web de consulta, descarga de datos:

**<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>**



Dende esta Asesoría elaborouse unha adaptación da CDU para as bibliotecas escolares, contemplando dous niveis: centros de primaria e secundaria, centros de secundaria con moito volume de fondos e centros con ciclos formativos. Esta adaptación da CDU elaborada pódese descargar en formato PDF dende a sección de Bibliotecas escolares do Portal Educativo da Consellería:  
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/45>

Lémbrolles a disposición desta Asesoría de Bibliotecas Escolares dependente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos desta consellería. Para calquera información ou asesoramento que precisen en relación á organización e dinamización da biblioteca, non dubiden en poñerse en contacto. Poden consultar convocatorias e informacións varias que a Asesoría está a colocar na sección BIBLIOTECAS ESCOLARES do portal educativo desta consellería. Recomendamos especialmente acceder a múltiples recursos e informacións relacionados coas bibliotecas escolares e a lectura.

Un saúdo.

Asesoría de Bibliotecas Escolares

URL: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

E-mail: [bibliotecasescolares@edu.xunta.es](mailto:bibliotecasescolares@edu.xunta.es)